



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Investigación en Ciencias da Saúde I		Código	653862235
Titulación	Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (plan 2012)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Muñiz Garcia, Javier	Correo electrónico	javier.muniz.garcia@udc.es	
Profesorado	Muñiz Garcia, Javier	Correo electrónico	javier.muniz.garcia@udc.es	
	Pereira Loureiro, Javier		javier.pereira@udc.es	
Web	moodle.udc.es/			
Descrición xeral	A materia estrutúrase en dous bloques. No primeiro bloque o alumno debe adquirir as competencias necesarias para saber deseñar e desenvolver un proxecto de investigación dende o punto de vista metodolóxico no ámbito das ciencias da saúde. Cun contido principalmente práctico estudaranse os distintos aspectos da elaboración dunha proposta de investigación seleccionando o tipo de estudo máis adecuado segundo a pregunta de investigación exposta. No segundo bloque o alumno aprenderá a manexar ferramentas informáticas fundamentais para o desenvolvemento dun proxecto de investigación, como a presentación dunha proposta utilizando funcións avanzadas de Word, contornas colaborativas ou planificación utilizando software específico de xestión de proxectos.			
Plan de continxencia	Esta materia xa se imparte de forma non presencial polo que non é preciso establecer un plan de continxencia específico			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Capacidade para elixir e aplicar as metodoloxías de investigación mais adecuadas á investigación proposta.
A2	Capacidade para o deseño experimental e o completo desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito sanitario, desde a formulación da hipótese de investigación ata a comunicación dos resultados.
A3	Adquirir un sentido ético da investigación sanitaria.
A4	Obter un substrato teórico suficiente para comprender o entorno clínico de aplicación das técnicas de investigación.
A5	Adquirir o coñecemento da realidade investigadora nun ámbito concreto das ciencias da saúde.
B1	Capacidade para aplicar o método científico na planificación e o desenvolvemento da investigación sanitaria.
B2	Fluidez e propiedade na comunicación científica oral e escrita.
B3	Compromiso pola calidade do desenvolvemento da actividade investigadora.
B4	Capacidade de análise e de síntese.
B5	Habilidade para manexar distintas fontes de información.
B6	Capacidade para traballar de forma colaborativa en equipos multi e interdisciplinar.
B7	Capacidade de establecer unha relación de empatía cos suxeitos implicados no desenvolvemento da actividade investigadora.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e integrar dunha forma práctica os principais elementos metodolóxicos dun proxecto de investigación no ámbito das Ciencias da Saúde	AI1	BM1	CM1
	AI2	BM2	CM2
	AI3	BM3	CM3
	AI4	BM4	CM4
	AI5	BM5	CM5
		BM6	CM6
		BM7	CM7
			CM8
Coñecer ferramentas básicas de informática para desenvolver a investigación no ámbito das Ciencias da Saúde	AI1	BM1	CM1
	AI2	BM2	CM2
	AI3	BM3	CM3
	AI4	BM4	CM4
	AI5	BM5	CM5
		BM6	CM6
		BM7	CM7
			CM8

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 0. Ferramentas de teletraballo e traballo colaborativo	Emprego do paquete office 365 para traballo on-line e traballo colaborativo Emprego da ferramenta de telecomunicacións Microsoft Teams Powerpoint con son e,o vídeo Outras alternativas para presentacións dos traballos
Bloque 1. (Prof. Javier Muñiz)	Elaboración dunha proposta de investigación
Tema 1. Estrutura xeral dun proxecto de investigación en ciencias da saúde.	1. Apartados dunha proposta. 2. Contido dos diferentes apartados. 3. Paralelismos na estrutura entre propostas de investigación e artigos científicos.
Tema 2. A pregunta de investigación.	1. Características da pregunta de investigación idónea. 2. Elaboración dunha pregunta de investigación.
Tema 3. Tipos de estudos e a súa relación co tipo de pregunta..	1. Principais tipos de estudos en investigación clínico-epidemiolóxica. 2. Identificación de artigos de diferentes deseños
Tema 4. Proposta de investigación.	1. Elaboración dunha proposta de investigación. 2. Discusión e defensa en liña da proposta de investigación elaborada.
Bloque 2. (Prof. Javier Pereira)	Ferramentas para a elaboración dun proxecto de investigación
Tema 5. Uso avanzada de Word nunha proposta de investigación	1. Estilos. 2. Táboas de contido. 3. Referencias cruzadas. 4. Xestor bibliográfico de Word. 5. Control de cambios.



Tema 6. Ferramentas para a xestión dun proxecto	1. Que fai que cousa e cando: planificación, seguimento e análise de desvíos. 2. Estimación de custos por actividades. Microsoft Project e outras solucións gratuítas (OpenProject, GanttProject).
Tema 7. Utilidades para a preparación multicéntrica dunha proposta de investigación	1. Onde e como gardar os datos dun estudio en ciencias da saúde 2. Recollida de datos con Redcap: organización dun estudo, instrumentos, recollida do consentimento informado, captura de datos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B5 B6 B7 C1 C7	1	9	10
Debate virtual	B4	1	5	6
Traballos tutelados	B1 B3 C2	1	17	18
Análise de fontes documentais	A1 A5 B4 B5 C3	1	4	5
Presentación oral	C4 C5	2	20	22
Seminario	C6 C7 C8	4	8	12
Prácticas a través de TIC	B5 C2 C3	10	60	70
Atención personalizada		7	0	7
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Elaboración e discusión en grupo dunha proposta de investigación.
Debate virtual	Envío por medios telemáticos das tarefas individuais (identificación de artigos e elaboración dunha pregunta de investigación) e discusión co profesor do curso
Traballos tutelados	Tutela dos progresos do traballo de grupo (elaboración da proposta de investigación). Esta tutorización deberase realizar a través de medios telemáticos
Análise de fontes documentais	Identificación de artigos científicos e asignación a un ou outro tipo de deseño
Presentación oral	Defensa pública e discusión con resto de alumnos da proposta de investigación elaborada.
Seminario	Sesión inicial para abordar os aspectos xerais de estrutura e contidos dunha proposta de investigación
Prácticas a través de TIC	A través da plataforma Moodle os alumnos deberán realizar as prácticas propostas e entregalas a través da plataforma nos prazos indicados

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Debate virtual	Cada alumno, de forma personalizada ou en grupo, poderá realizar tutorías virtuais a través dos medios telemáticos dispoñibles no curso para resolver dúbidas

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B5 B6 B7 C1 C7	Valoración do documento coa proposta conxunta (traballo de grupo)	50
Presentación oral	C4 C5	Defensa da proposta elaborada en grupo. Esta valoración poderá asignarse individualmente a cada membro do grupo	20
Prácticas a través de TIC	B5 C2 C3	Valoración das prácticas entregadas a través da plataforma de teleformación Moodle, incluíndo as preguntas nos foros a os traballos dos outros grupos.e	25
Traballos tutelados	B1 B3 C2	Valoración dos traballos individuais	5

Observacións avaliación

Para superar a materia precísase aprobar ambos os dous bloques nos que se estruturan os contidos.

As cualificacións baséanse principalmente no traballo do grupo e os comentarios (Aprendizaxe colaborativa + Traballlos tutelados + presentación oral). As tarefas individuais do primeiro bloque serven para modular, polo xeral cara arriba, as puntuacións.

As tarefas do segundo bloque modifican a cualificación final ata en 2 puntos +/- en función da súa avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Hulley, Stephen B. (2014). Diseño de las investigaciones clínicas, 4ª edición. . Barcelona: Wolters Kluwer - Microsoft (2020). Aprendizaje de Microsoft 365. Web de Microsoft training - Redcap consortium (2020). Plataforma Redcap: tutoriales. Web oficial de la plataforma Redcap
Bibliografía complementaria	

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Preparación dun Proxecto de Investigación I: Busca de Información/653862201

Investigación Clínica I/653862232

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observaciones

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- So se solicitaran en formato

virtual. RECOMENDACIÓNS POSIBLE PLAXIO TRABALLO

Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do/a alumno/a do título cursado.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías